

ACORDO de 27 de decembro de 2022, da Secretaría xeral de Universidades, polo que se somete a información pública a documentación previa, para inicio do trámite de APROBACIÓN do Centro de Investigación en Tecnoloxías, Enerxía e Procesos industriais (CINTECX) da UVigo como centro de investigación do Sistema Universitario de Galicia.

A Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia (SUG) (DOG núm.125, do 3 de xullo de 2013), trata de maneira específica a creación, modificación e supresión dos centros de I+D+i no ámbito do SUG. En cumprimento do disposto no artigo 19 de Lei de Universidades, a UVigo remitiu á consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades o proxecto de aprobación do Centro de Investigación en Tecnoloxías, Enerxía e Procesos industriais (CINTECX) da UVigo como centro de investigación do Sistema Universitario de Galicia

Este procedemento iniciouse cando non había ningún desenvolvemento regulamentario dese artigo 19. Este regulamento definiuse con posterioridade mediante a ORDE do 26 de marzo de 2021 pola que se regula o procedemento de aprobación de centros e institutos de investigación do Sistema universitario de Galicia. Para manter a coherencia legislativa e de procedemento co resto dos Centros e institutos que están na actualidade en proceso de aprobación decidiuse seguir no CINTECX o mesmo espírito e pasos que sinala a nova lexislación de referencia.

Así, en cumprimento co disposto na lexislación vixente para o procedemento de aprobación de centros e institutos de investigación do Sistema universitario de Galicia, se somete a información pública o expediente de aprobación do *Centro de Investigación en Tecnoloxías, Enerxía e Procesos industriais (CINTEX)*, promovido pola Universidade de Vigo, coas características que se describen a continuación:

Solicitante: Uvigo (Universidade de Vigo)

Domicilio social: Lg. Campus Lagoas Marcosende (36310, Vigo)

Asunto: Aprobación do Centro de Investigación en Tecnoloxías, Enerxía e Procesos industriais (CINTECX) como Centro de Investigación do sistema universitario de Galicia



Características principais do Centro de Investigación: O Centro de Investigacións Científicas Avanzadas, promovido no seo da UVigo terá como obxectivos ser actor global de I+D na 4ª revolución industrial, xerando coñecemento a través da investigación básica e aplicada e transformando este coñecemento en solucións tecnolóxicas que contribúan a mellora da competitividade da industria rexional coas metas de xerar e difundir coñecemento científico e transferir innovación no ámbito da enerxía, tecnoloxías e procesos industriais.

Documentación que se expón:

- Resumo executivo
- Axenda científica
- Posicionamento do Centro en iniciativas singulares
- Gobernanza
- Política en materia de xénero e igualdade; talento e calidade
- Infraestruturas e equipamento
- Proxectos
- Producción científica
- Colaboración interna
- Recoñecementos
- Política de transferencia
- Internacionalización
- RRI: Comunicación, xestión de datos, open-access e servizos
- Táboas de indicadores
- Benchmarking
- Investigadores/as garantes

Sométese a información pública o inicio do trámite para os efectos do disposto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

O que se fai público, para o coñecemento xeral, así como, en particular, ao ecosistema de I+D+i de Galicia, para que poidan examinar a documentación técnica anteriormente relacionada e, no seu caso, presentar as alegacións ou observacións que estimen oportunas dentro do prazo de vinte (20) días hábiles, que se contarán a partir do día posterior á data deste acordo.



Toda a documentación se poderá examinar no seguinte enlace web da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades

<https://www.edu.xunta.gal/portal/node/37486>

As alegacións o suxestións poderán presentarse por calquera medio válido en dereito e, particularmente, no enderezo electrónico promocioncientifica.educacion@xunta.gal, sinalado no asunto a referencia "*Información pública CINTECX -UVIGO*".

Santiago de Compostela
O secretario xeral de Universidades
José Alberto Díez de Castro

